

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 21 de abril de 2017, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da Festa das alfombras florais de Bueu:

“ANTECEDENTES

O 30 de setembro de 2016 a Asociación Sociocultural Alfombras de Bueu co apoio do concello de Bueu, presenta a solicitude para a declaración **“Festa das alfombras florais de Bueu”**, como festa de interese turístico de Galicia.

Coa solicitude se acompaña a documentación esixida no Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

En base á antedita documentación redáctanse os seguintes informes:

- Informe da Área provincial de Turismo en Pontevedra
- Informe da Subdirección xeral de Protección do Patrimonio Cultural
- Informe da Comisión de Informes do Consello de Turismo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. Marco xurídico

Para a valoración desta solicitude tense en conta a seguinte lexislación:

- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia
- Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia

II. Procedencia

Unha vez analizado o expediente e comprobados os requisitos establecidos para a procedencia da declaración, en relación ao cumprimento destes, establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de

xaneiro, a “Festa das alfombras florais de Bueu” acada unha valoración positiva e cumpre obxectivamente todos os requisitos establecidos no citado precepto.

O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) **Antigüidade.**

b) **Singularidade.**

c) **Arraigamento.**

d) A realización polas entidades organizadoras de **accións promocionais** suficientes para a atracción de correntes turísticas.

e) **Valor cultural.**

f) **Continuidade no tempo.**

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia e así, tender cara a excelencia e calidade.

Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

a).- A facilidade de acceso: O concello de Bueu está integrado na comarca do Morrazo, limitando ao sur coa vila de Cangas, ao leste coas de Marín e Moaña e ao oeste coa ría de Aldán. Ao norte da localidade atópase bañado pola ría de Pontevedra, onde se atopa a Illa de Ons, que forma parte do

conxunto do parque natural das illas atlánticas. Ten aproximadamente unha superficie de 31 km cadrados repartidos en 3 parroquias: Beluso, Cela e San Martiño.

A súas principais vías de comunicación son a estrada C-550, que une Pontevedra coa vila. Para achegarse dende Vigo, pódese optar pola N-550 ou polo denominado corredor do Morrazo, que dispón de saídas para o resto da comarca ademais de dúas para Bueu. Dende Cangas pódese chegar pola costa, existindo tamén a alternativa do interior a través da estrada autonómica PO-320.

Sitúase a 35 km do aeroporto de Peinador-Vigo, a 76 de Lavacolla-Santiago e con fácil acceso a ambos pola autopista A-9.

Tamén dispón de boas comunicacións coas estacións de autobuses e de ferrocarril de Vigo e Pontevedra.

Dentro das infraestruturas das que dispón o Concello de Bueu, centrarémonos principalmente para este informe naquelas que son relevantes directamente para o turismo e os visitantes da festividade do Corpus Christi.

Ademais dos aparcadoiros que se poden atopar nas rúas principais da vila, Bueu conta cunha serie de espazos acondicionados para este fin durante todo o ano, así como de áreas que se habilitan con carácter excepcional para dar cabida a grandes volumes de visitantes, como pode ser o caso das festas do Corpus Christi, durante as que se realizan as tradicionais alfombras florais. Deste xeito pódense contar 7 aparcadoiros públicos e un privado na vila.

No referente aos transportes públicos, Bueu conta con dúas empresas de liña regular que comunican con Cangas e Pontevedra. Conta cos servizos de dúas navieiras que comunican a vila coa illa de Ons. Posúe tamén dúas paradas de taxis que ofertan servizo as 24 horas.

b) A estética: A imaxe do evento é o aspecto máis representativo do mesmo. A súa evolución histórica pode circunscribirse a tres distintos momentos:

- Nas primeiras celebracións do Corpus espallábase fiuncho polas rúas xunto con espadaña ao paso da procesión
- Alá polo ano 1940 comezan a elaborarse tapices máis elaborados que incorporarían serríns tinguidos de diferentes cores. A zona, naquela época, non contaba con suficiente oferta de flor.
- Polos anos 50 as alfombras comezarían a realizarse diante das casas polas que pasaba a procesión e a súa elaboración corría a cargo das propias familias. Nesta década comezan a incorporarse as primeiras flores aos tapices.
- Xa nos anos 80 incorpórase a confección das alfombras un dos trazos máis característicos, o perfilado. Son alfombras con moita presenza floral.
- A derradeira evolución produciuse no ano 2015, co xurdimento da Asociación Cultural Alfombras de Bueu. Este colectivo, en colaboración co Concello de Bueu, encárgase de toda a xestión e confección das alfombras.

O uso de produtos de orixe mariña (cunchas, algas, ...) na elaboración dos tapices florais é o seu principal signo distintivo e característico diferenciador. Para a elaboración das mesmas distínguense 6 fases: busca de elementos ou materiais, preparación dos materiais, deseño en rúa, elaboración, exposición e reciclaxe-compostaxe.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares:
Trátase dun evento cultural vinculado aos costumes vinculados á tradición relixiosa da zona. A estrutura da celebración responde ao seguinte esquema:

- 1 Confección das alfombras
- 2 Celebración da misa na honra do Santísimo
- 3 Saída da procesión
- 4 Percorrido por riba das alfombras
- 5 Recollida da procesión

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: Na confección das alfombras empréganse elementos naturais, case que todos procedentes do medio mariño, aínda que tamén flores e elementos vexetativos presentes nos distintos xardíns, hortos e montes veciñais. Coa finalidade de paliar o problema que suscitaba ter un percorrido de case 3 km, no ano 2015 a Asociación Cultural Alfombras de Bueu propuxo reducir o percorrido da procesión e con el o das alfombras. Así o novo percorrido queda limitado a 1,5 km que percorren as principais rúas da vila. Ruta circular e na que se celebra a misa nas instalacións dunha carpa que se dispón para tal finalidade.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración: Neste novo emprazamento conséguese:

- Aumentar a afluencia de xente en todos os tramos do percorrido.
- Facer máis accesible a ruta, eliminando desniveis.
- Facilitar a coordinación e a elaboración das alfombras.
- Aumentar a ratio de alfombras por metro cadrado, concentrando a todos os alfombristas nas rúas principais.
- Que os lugares polos que discorren os tapices florais e as súas beirarrúas están preparadas e acondicionadas para garantir a accesibilidade das persoas con algunha discapacidade.

- Os actos desenvolvidos teñen un fin relixioso, pero tamén unha condición estética demostrable, que cumpre con todas as características artísticas.

f) **A creatividade e innovación na celebración do evento:** O Concello de Bueu xunto coa Asociación Cultural Alfombras de Bueu e a Comisión de Festas da vila, pretende non só manter a tradición do Corpus Christi senón convertela na festividade de referencia para todas aquelas persoas interesadas no arte efémero, e para iso desenrola actividades de grande creatividade e innovación tales como:

1. Recuperar a parte da procesión na que saían as carrozas sobre as alfombras.
2. Recuperación paulatina das vellas tradicións ao mesmo tempo que se introducen certas innovacións capaces de sorprender aos visitantes.
3. No ano pasado fíxose unha alfombra de papel en tres dimensións que captou grande atención e protagonismo entre os visitantes.
4. O uso de materiais procedentes do mar e seus debuxos antropomorfos nos seus deseños.
5. Celebración de conferencias e xornadas destinadas a coñecer a festividade e as alfombras en distintos lugares da contorna do Morrazo.
6. Elaboración de tapices florais para outros eventos en diferentes festividades e épocas do ano, ademais doutros lugares de Galicia e Europa.

Dende os seus inicios, vai xa máis de 270 anos ata a celebración actual tivo un pulo importantísimo, tal como se reflicte na memoria e o feito de que se constitúe como un dos elementos fundamentais da difusión desta actividade única en Galicia.

g) **O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes:** Na memoria que se xunta indícase que a oferta de establecementos, tanto

hostaleiros como de restauración, pode abranguer a unha grande cantidade de visitantes, xa que a repercusión económica do evento extendese aos concellos próximos (Península do Morrazo). O número de prazas aloxativas no concello de Bueu concéntrase nos seus 3 hoteis, unha pensión, 3 casas rurais e un bloque de apartamentos turísticos.

En relación a oferta de restauración conta cun total de 39 establecementos contando bodegóns, restaurantes, pizzerías, tabernas e distintos establecementos.

Acompáñase o inventario turístico da vila de Bueu no que se recollen recursos patrimoniais arqueolóxicos e naturais que complementan a oferta turística.

h) A afluencia de visitantes: Na memoria consideran beneficiarios da actividade ao público asistente en xeral (indicando unha cantidade aproximada de entre **9.000 a 11.000 visitantes de media nas últimas 5 edicións**). Os datos veñen dados polos seguintes medios:

- Protección civil, colabora de xeito activa na organización dos aparcadoiros e a obtención desas cifras
- Voluntarios e persoal da oficina de turismo local, que realizan un recuento de coches e ocupantes que acceden ao evento
- Policía local comunica á organización a cifra estimada de asistentes.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: A Asociación Sociocultural Alfombras de Bueu está a traballar man a man co Concello e outras entidades implicadas como son a Comisión de Festas de Bueu ademais do conxunto da poboación da vila que participa activamente, aínda que de xeito non organizado formalmente. Todos eles de xeito coordinado están a mellorar e darlle pulo a esta grande celebración de actos relixiosos e de manifestación cultural popular do Corpus Christi.

Os labores de promoción da festa recóllense na memoria, fan referencia a artigos de prensa dende o ano 1990 ata o día de hoxe. Edicións de videos, fotografías e CD's promocionais de diferentes

anualidades como accións en radio e T.V. Tamén se recolle cartelería e folletos informativos referentes a estes actos así como accións promocionais no entorno dixital.

Este evento é considerado unha proposta que acredita a súa singularidade, diríxese a un público tanto comarcal como nacional, coidan especialmente a estética e ten unha positiva repercusión na imaxe de Galicia como destino turístico. Póñense en valor espazos naturais e contribúen a un posicionamento internacional de Galicia.

Deberanse seguir as recomendacións expresadas no informe da subdirección xeral de Patrimonio Cultural respecto do seguimento do impacto do turismo no desenvolvemento da festa.

Por todo o exposto, O Consello de Turismo de Galicia

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de Interese Turístico de Galicia o evento “Festa das alfombras florais de Bueu”.